



## CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DA ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DE IDIOMA INGLÉS, PARA A ADMISIÓN AOS ESTUDOS DE GRAO EN XESTIÓN INDUSTRIAL DA MODA, PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas, permiten que as universidades poidan establecer requisitos para a admisión a determinadas ensinanzas. Non obstante, a acreditación do cumprimento destes requisitos non exige da realización dos trámites de acceso e admisión á universidade regulados polo Real decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.


De acordo co disposto na memoria de verificación do Grao en Xestión Industrial da Moda, para ser admitido neste será necesario acreditar, polo menos, o cumprimento dun dos seguintes requisitos de coñecemento do idioma inglés, mediante a presentación de calquera dos seguintes xustificantes:

1. Certificación oficial de nivel B1 de inglés (só admitiranse os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior, [www.acles.es](http://www.acles.es)).
2. Cualificación en inglés cunha nota media dos dous cursos de bacharelato igual ou superior a 7. O estudantado procedente de centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia non precisará presentar esta xustificación. Só deberá presentala o estudantado de centros de titularidade privada da Comunidade Autónoma de Galicia ou o estudantado tanto de centros públicos como privados doutras comunidades.
3. Ter cursado, en sistemas educativos de fala inglesa, 4.º curso de ESO ou un curso de bacharelato.
4. Diploma de asistencia e aproveitamento de nivel B1.2 ou superior de inglés, ou diploma de dominio de nivel B1 ou superior de inglés do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por outros centros de linguas de universidades españolas.

De acordo co exposto, establécese o prazo desde o 20 de abril até o 16 de xuño de 2021, ambos os dous días incluídos, para presentar calquera dos xustificantes que acrediten o cumprimento

| Código Seguro De Verificación | C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente  | Asinado | 16/04/2021 14:41:44 |
| Observacións                  |   | Páxina  | 1/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==">https://sede.udc.gal/services/validation/C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==</a> |         |                     |





do requisito para o acceso ao Grao en Xestión Industrial da Moda. Estes presentaranse a través da páxina web:

<http://gradoindustrialmoda.udc.gal/requisitos-ingles-y-plazos/>

CALENDARIO:

|                         |   |
|-------------------------|---|
| 20/04/2021 a 16/06/2021 | Presentación dos xustificantes  |
| 22/06/2021              | Publicación da lista provisional de persoas con xustificantes admitidos |
| 22/06/2021 a 28/06/2021 | Reclamacións á lista provisional  |
| 02/07/2021              | Publicación da lista definitiva e envío dos datos á CIUG                |

A Coruña,  
O reitor  
PD. (RR. 14-01-2020)  
A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente  
Nancy Vázquez Veiga

|                                      |   |               |                     |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| <b>Código Seguro De Verificación</b> | C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==  | <b>Estado</b> | <b>Data e hora</b>  |
| <b>Asinado Por</b>                   | Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente  | Asinado       | 16/04/2021 14:41:44 |
| <b>Observacións</b>                  |   | <b>Páxina</b> | 2/2                 |
| <b>Url De Verificación</b>           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==">https://sede.udc.gal/services/validation/C6Dj1id9hzXajUcAaFjVpw==</a> |               |                     |

